



## CO NOSO ACENTO

### A galeguidade da automoción da man de PSA Citroën

Desde que Citroën fabricara aquelas 400 furgonetas no taller da Rúa Montero Ríos en 1958 ata os 400.000 vehículos que cada ano saen das actuais instalacións de Balaídos, o **Grupo PSA Citroën** forma parte por dereito propio da paisaxe urbana de Vigo e constitúe unha referencia de bo facer no conxunto de Galicia.

A familia galega de **PSA Citroën** non está formada exclusivamente polas preto de 7.000 persoas que fixeron posible que preto de doce millóns de automóviles fabricados na planta viguesa teñan rodado polos máis recónditos lugares do mundo.

**PSA Citroën** goza do cariño e simpatía das xentes de Vigo, e dunha parte importante da cidadanía galega, que lle recoñece tamén o compromiso co desenvolvemento de accións que contribúen ao fomento da incorporación da muller ao ámbito laboral e a igualdade de oportunidades, a súa contribución no desenvolvemento social e cultural a través de diferentes accións de patrocinio e mecenado, ou o propio compromiso e solidariedade do seu cadro de persoal que pode simbolizarse co feito de ser a empresa que máis sangue doa de todo o estado español.

O **Grupo PSA Peugeot Citroën** ven de establecer catro obxectivos estratéxicos para os vindeiros anos: ser un grupo global; ir un paso por diante en produtos e servizos; ser unha referencia do sector en eficacia operacional e desenvolverse de forma responsable.

Como persoa usuaria dun vehículo desta marca, EU TAMÉN me considero parte da familia **PSA Citroën**, valoro este compromiso social e desexo o logro destes catro obxectivos marcados.

O mundo da empresa en Galicia está a dar pasos na galeguización da súa actividade económica, como xeito de aproveitar a simbiose de territorio, cultura, lingua e excelencia. Pero, certamente, o sector da automoción está aínda lonxe deste camiño de galeguidade.

Se a inmensa maioría dos seus clientes, usuarios e traballadores en Galicia son galego falantes hai que converter esa realidade en oficial.

En Galicia, **PSA Citroën** co seu recoñecido prestixio e compromiso pode liderar esta acción. Como membro desta gran familia, solicítolle que incorpore este outro obxectivo estratéxico. Nesta andaina, seguiremos a rodar xuntos.

Galicia, abril de 2015